

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 09/09/1959

Colección:

Data: 09/09/1959

De:

Ramón Piñeiro;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Homenagem a Joaquim de Carvalho; Artes; Literatura;

Mencionados:

Carlos Maside; Ramón Otero Pedrayo;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 09/09/1959

Compostela, 9-IX-59

Sr. D. Luis Seoane
B. Aires

Meu querido amigo:

Recibín, hai tempo, a túa carta. Como estiven unha tempada en Asturias, fóronse amoreando as cartas seica o recente regreso. Non quero demorar máis e agradecerche o xeneroso ofrecemento que me fas pra editar un libro meu en Citania. Certamente, a oferta considéroa moi honrosa e como tal a agradezo. O verdadeiramente difícil será que o poida escribir. Teño a vida tan absolutamente comprometida en ocupacións e responsabilidás de carácter impersoal e anónimo que non me queda tempo nin folgos pra facer obra “miña”. Tan certo é esto que hai varios anos que teño prometido a Galaxia un libro de ensaios e aínda nono puiden escribir, a pesar das continuas presións amistosas; e a editorial Guimarães, de Lisboa, solicitoume reiteradamente outro libro, coa estimulante oferta de incluílo nunha colección filosófica na que figuran nomes rimbombantes de toda Europa. Tampouco vexo posibilidade de os poder complacer. Tan esmagado estou nise orde de cousas que unicamente pola presión dun compromiso perentorio escribo –e sempre apresa– os poucos e cativos traballos que co meu nome van saíndo de vez en cando. Hai meses que debera ter enviado unha colaboración pra o Homenagem a Joaquim de Carvalho, en curso de publicación, e inda nono fixen nin teño pensado sobre qué facelo. Naturalmente, ben me decato de que non se perde gran cousa. Con todo, dende o punto de vista puramente subxetivo, non deixa de ser unha renuncia. Polo menos eu ofrézoa como tal en favor de deberes que considero superiores. Da obra, boa ou mala, que eu poidera facer sacrificio unha gran parte con moito gusto pra poder atender a outras obrigas de orde xeneral. Por eso me sinto pouco animado a adequirir compromisos concretos. Teño medo de nonos poder cumprir, cousa que me non gusta.

Coido que terás recibido o número de Ínsula e maillo album de Maside, pois ambas cousas che foron enviadas namais saíren da imprenta.

Repito que che agradezo moito a túa cordial oferta. Dígocho de corazón.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

Acaban de me chamar de Vigo pra me anunciar que pasado mañán chegará D. Ramón.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.